

A XERENCIA DO SERGAS EN LUGO ELUDE RESPONSABILIDADES EN SAÚDE MENTAL

A Xerencia do SERGAS en Lugo vén de acusar ao Movemento Galego da Saúde Mental (MGSM) de mentir e causar malestar nos profesionais por ter denunciado nunha declaración pública, no mes de novembro pasado a situación residencial na que se atopaban as persoas ingresadas no **Centro Hospitalario de Rehabilitación Psiquiátrica de Calde**.

<http://movementogalegosaudemental.gal/2017/11/30/os-doentes-con-trastorno-mental-grave-e-sen-recursos-peor/>

En dúas ocasións, ata agora, o MGSM fixo denuncias públicas de cuestións importantes relacionadas con ese Centro do que é responsable esa Xerencia: nun caso por impedir a saída ao exterior da totalidade das persoas ingresadas para así evitar danos en coches aparcados diante do Centro (setembro de 2016) e noutro polos motivos citados máis arriba e que agora nos ocupan.

<http://movementogalegosaudemental.gal/2016/10/01/vulneracion-de-dereitos-no-hospital-de-calde/>

Nas dúas ocasións o MGSM recolleu o que **xa eran denuncias públicas e publicadas**, nun caso procedente de familiares de persoas ingresadas nese Centro e no outro de organizacións sindicais.

O MGSM valorou que os feitos dados a coñecer **eran unha expresión intolerable da desconsideración que se sigue a producir nos dereitos das persoas con doenzas psiquiátricas e nos servizos sanitarios públicos que as atenden**. En ámbolos dous casos a Xerencia acabou adoptando algunhas medidas para corrixir as situacións denunciadas dando así, *de facto*, a razón a quen fixera públicos eses feitos, e quedando demostrado unha vez máis a utilidade da acción de denuncia pública e de resistencia ante o dano que os actuais xestores están a producir á sanidade pública, aos seus usuarios e aos traballadores.

Se hoxe esa Xerencia di que eses feitos denunciados son falsos deberá explicar por qué adoptou algunhas medidas para corrixilos despois de ser denunciados, e tamén **por qué non o fixo antes**.

Di agora publicamente a Xerencia que o MGSM causa malestar nos profesionais "...ao cuestionar a súa profesionalidade" (sic) e louva a calidade do seu traballo. O que causa malestar nas/os profesionais é a desidia das equipas directivas. De novo usa o sucio truco do Conselleiro de descentrar o tema respondendo ao que non se lle plantexou, **escondéndose así detrás dos profesionais para agochar a súa responsabilidade**, cando estes non foron motivo da denuncia realizada polo MGSM, nin polas organizacións sindicais nin polos afectados. Intenta encerrar e así escapar do centro da crítica. Só busca salvar o seu interese aínda a costa de danar o clima laboral.

Pero non todo é negativo. **Debemos felicitar á Xerencia pola autorización á avaliación externa dos servizos sanitarios baixo a súa responsabilidade** por unha comisión profesional da Asociación Galega de Saúde Mental-Asociación Española de Neuropsiquiatría. **Esperamos que**

esta actuación se estenda ás demais áreas sanitarias e Xerencias nas que o MGSM ten realizado denuncias de feitos, cando menos, de gravidade comparable aos que aquí se consideran: contención mecánica na UHP de A Coruña, reingreso de pacientes "externalizados" en Conxo, suicidios en Unidades de Hospitalización Psiquiátrica sen protocolos vixentes de prevención.

Sen embargo o máis importante agora é que aquelas persoas coas que o SERGAS ten a obriga da atención sanitaria, e de defensa e promoción do exercicio dos seus dereitos (fundamentais e asistenciais), **teñan mellorado as súas condicións de existencia grazas á vixilancia, compromiso e traballo das/os profesionais do sistema público e de quen defendemos a Sanidade Pública.**

En Santiago a 21 de febreiro de 2018

MOVIMENTO GALEGO DA SAÚDE MENTAL